



## FALTOU INTENSIDADE

Novo desprazamento de pretemporada do conxunto aresano. Nesta ocasión os xuvenís viaxaron ata O Carregal onde os esperaba o Betanzos, un equipo que a vindeira temporada militarán na liga galega.

Betanzos, 24 de agosto de 2013.

## ALIÑACIONS

**BETANZOS:** Iago, Pablo, Martín (C), David, Javi, Fraga, Adri, Jose, Martín Amor, Alberto e Kevi.

Tamén xogaron: Pena, Jorge, Zapata, Cristian, Dani Oza, Migui, Moises, Xenxo, Mejuto e Diz.

*Adestrador:* Suso García.

*2º adestrador:* Dani Navedo.

**NUMANCIA:** Kike, José Manuel, Marcelo, Roque (C), Jesús, Miguel, Nóvoa, Diego Pérez, Miguelito, Adrián e Diego Couce.

Tamén xogaron: Brais, Xaime, Isaías, Dario, Martín, Ángel e Pepe.

*Adestrador:* Alex González.

*2º adestrador:* Toni Bardanca.

*Delegado:* José Antonio Couce.

**GOLES:** Martín Amor (29'), Dani Oza (39') e Kevin (45').

Mala primeira metade do conxunto aresano que non deu entrada no partido ao longo do primeiro período. O conxunto betanceiro, algo mellor técnicamente e fisicamente, xogou con moita comodidade ante un Numancia que deu moitas concesións. Os de Ares comezaron ben nos primeiros minutos creando dúas boas ocasións, as únicas no primeiro acto, pero pouco a pouco foron sucumbindo ante o rival. Á media hora de xogo os de Ares encaixaban o primeiro tanto despois dun lanzamento de esquina que se lle escapa a Kike das mans e remata Martín Amor. Dez minutos despois Dani Oza de lanzamento afastado supera por alto a Kike, que nada pode facer. A punto de finalizar os primeiros corenta e cinco minutos, Kevin, tamén de lanzamento afastado supera de novo a Kike por alto. Sen tempo para máis co 3 - 0 no marcador marchamos ao descanso.

Na segunda metade o Numancia saíu con outra cara e unha mellor actitude ao terreo de xogo. A melloría dos de Ares non permitiu ao Betanzos xogar con tanta comodidade como no primeiro tempo. Púidose ver un segundo tempo máis igualado, aínda que o conxunto local foi o que marcou o tempo do partido. Neste período os dous equipos dispuxeron de varias ocasións de gol pero o marcador non se moveu, en parte para os visitantes, grazas ás intervencións de Xaime.

En resumo partido de bo ritmo ante un rival de liga galega e do que bo seguro os de Ares quitaron partido e boas conclusións.

O próximo mércores, 28 de agosto, novo partido de preparación. Nesta ocasión os de Ares desprazaranse ata O Cadaval (Narón) para enfrontarse ao Narón Balompie.